

A Eurocidade Chaves-Verín pon en marcha a terceira edición do Programa de Termalismo Social, que comezará o día 13 de outubro e na que grupos de 30 a 50 persoas poderán acudir ás Termas de Chaves beneficiándose dun desconto especial.

Esta terceira edición do programa permitirá que aos/ás cidadáns/as de Chaves e Verín acudan durante 9 días seguidos, facendo o tratamento que, en cada caso, o médico lles prescriba na consulta, que se realizará no primeiro día. Este tratamento conta con valores especiais en relación aos prezos oficiais, de maneira que este programa custará aos eurocidadáns o mesmo que se fose da man do Imsero ou do Inatel (no caso portugués). No paquete inclúese: transporte en autobús ata as Termas de Chaves e regreso a Verín, consulta de médico e acompañamento de enfermería, consulta de nutrición (opcional), unha sesión informativa sobre alimentación saudable en tempos de gripe, prácticas termais prescritas polo médico hidroxenista, albornoz e kit termal para os tratamentos e cea-buffet con espectáculo de fados.

O custo deste paquete oscilará entre os 205 € e os 265 €, dependendo da tipoloxía dos tratamentos que inclúa despois da consulta médica e a súa prescrición. No último día de devandito programa terá lugar unha cea de despedida con espectáculo de fados en directo, todo incluído no prezo.

As inscricións poden realizarse, ata o 9 de outubro, no Gabinete de Apoio Técnico da Eurocidade, situado no Concello de Verín (de 9 a 14 horas), e nas Termas de Chaves (de 9 a 12 horas e das 16 ás 19 horas).